

# CAMPAMENTO DE NADAL

Concello de Bergondo



## CONTENIDO

1.- DATOS XERAIS DO CAMPAMENTO .....	2
2.- OBXECTIVOS XERAIS .....	2
3.- OBXECTIVOS OPERATIVOS .....	2
4.- METODOLOXÍA XERAL.....	2
5.- PLAN DIARIO .....	3
6.- CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES.....	6
6.1.- Obradoiros.....	7
Engalanamos Bergondo .....	7
Doces de Nadal.....	7
Arte Nadal.....	7
6.2.- Informática.....	8
Postal electrónica.....	8
Edición de fotografía .....	8
6.3.- Inglés.....	9
A Voz Kids.....	9
My family.....	9
6.4.- Grandes xogos e outras aventuras .....	10
A familia Noel.....	10
Decoración urbana .....	11
A Disco de Fin de ano .....	11
7.- RECURSOS MATERIAIS.....	11
8.- AVALIACIÓN .....	11

## 1.- DATOS XERAIS DO CAMPAMENTO

- **Instalación:** A Senra
- **Prazas:** mínimo 8 e máximo 30 nenos e nenas
- **Idade:** de 4 a 12 anos
- **Temporalización:** 26, 27 e 28 de decembro 2018 de 9:00 a 15:00
- **Equipo responsable (profesionais):** 2 monitores/as de lecer con coñecementos de informática, inglés e ademais un deles será técnico deportivo (mínimo TAFAD)

## 2.- OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar actitudes sociais e persoais positivas tales como a equidade de xénero, o respecto polo propio corpo e a saúde, a concienciación medioambiental, a solidariedade ou a integración social.
- Crear un ambiente seguro e organizado no que as boas condicións das actividades estean garantidas tanto para os/as participantes, como para o equipo responsable.

## 3.- OBXECTIVOS OPERATIVOS

- Aprender destrezas para a comunicación persoal, a toma de decisións, a resolución de conflitos e a avaliación.
- Valorar os logros comúns, aprendendo e respectando as normas coa práctica de deportes e xogos tradicionais e alternativos.
- Establecer dinámicas de participación e responsabilidade equitativa en cuestións de xénero e capacidades, creando grupos mixtos de traballo e establecendo responsabilidades de equipo.

## 4.- METODOLOXÍA XERAL

Neste epígrafe queremos manifestar cales serán as ferramentas metodolóxicas que entendemos como fundamentais para o traballo neste tipo de actividades con nenos e nenas. Non podemos facer outra cousa que presentar aspectos xerais, que pola nosa experiencia sabemos que funcionan e son beneficiosas para eles/as, pero non debemos esquecer, que as verdadeiras adaptacións metodolóxicas débense facer da man dos propios monitores/as que impartirán as actividades e obradoiros. Eles/as mellor ca ninguén coñecerán as características e necesidades concretas do grupo.

Queremos resaltar 4 aspectos básicos que Vitae trata de mimar e garantir nos seus servizos:

1. A formación, implicación e coordinación do equipo de traballo así como a capacidade resolutive e adaptativa do monitorado.
2. Creación dun ambiente divertido e relaxado onde se poidan manifestar ideas e pensamentos e onde os nenos/as se sintan valorados polo que son e non polo que fan. Por suposto o **principio lúdico** nestas actividades de lecer é fundamental por ter a consideración de campamento urbano e por tratarse dun período non lectivo (vacacional)
3. Centrar esforzos en verdadeiras adaptacións ante a gran variabilidade e diversidade de necesidades que se poidan presentar nas diferentes actividades e nenos/as.
4. Puntualidade e rigorosidade cumprindo horarios preestablecidos.

Cremos convinte diferenciar dous grupos segundo a idades dos nenos e nenas establecendo así, o grupo A (nenos/as de 4 a 7 anos) e o grupo B (nenos/as de 8 a 12 anos). Esta diferenciación servirá, sobre todo nas actividades de inglés e informática para adaptar os contidos segundo as necesidades e intereses de cada grupo.

## 5.- PLAN DIARIO

Cremos importante estruturar cada día baixo unhas rutinas/horarios que axude aos nenos/as a adquirir pequenos hábitos. Propoñemos dividir a mañá do seguinte xeito:

PLAN DIARIO	
9:00 – 10:00	Recepción, benvida, caixa de correo máxico e xogos para espertar
10:00 – 11:15	Actividade (1) – Execución de obradoiros*
11:15 – 11:45	Merenda/descanso/tempo libre supervisado
11:45 – 13:00	Actividade (2) – Informática ou inglés*
13:00 – 14:15	Actividade (3) - Grandes xogos e outras aventuras*
14:15 – 15:00	Xogos tranquilos, tempo libre supervisado, caixa de correo e despedida

\*No seguinte apartado concretamos as actividades para cada un dos días do campamento

**De 9:00 a 10:00** – Momento no que se recibe aos nenos/as e se lles dá a benvida ao campamento.

Un dos monitores/as estará pendente do recibimento, ao mesmo tempo que rexistra a asistencia, tamén terá oportunidade de ter pequenas conversas coas familias en caso de que sexa necesario dar algún recado ou aviso.

O outro monitor/a comezará a dinamizar ao grupo con xogos e dinámicas a medida que os nenos/as se van incorporando. Unha vez que o grupo estea completo ou cando sexan as 10:00 comezase coas actividades programadas para cada día.

Neste período de tempo os nenos terán a posibilidade de escribir cartas e facer debuxos para enviar a Papa e Mama Noel, paxes, Reis Magos e a todas a personaxes de nadal que se lles ocorra a través da nosa CAIXA DE CORREO MÁXICA. Poderán pedirles desexos, preguntarllas curiosidades ou recordarllas cousas. Atoparán nesa mesma caixa contestacións divertidas e historias que os entreteñan ao día seguinte. Estas cartas serán escritas polos monitores/as sen que os nenos/as se dean conta, co obxectivo de activar a súa imaxinación e manter a ilusión e fantasía do nadal, incógnitas e expectativas ata o día seguinte.

A caixa de correo máxica tamén poderá usarse para deixar mensaxes aos compañeiros/as ou felicitacións de nadal que se lerán ao finalizar o día.

Nesta primeira hora, mentres todos os nenos/as se van incorporando ao campamento realizaranse xogos variados e dinámicos para potenciar a activación e a predisposición a participar no resto de actividades que lles espera ao longo da mañá.

**De 10:00 a 11:15** – primeira parte da xornada, **execución de obradoiros**.

Todos os nenos/as a primeira hora da mañá, aproximadamente durante unha hora e cuarto, participarán en obradoiros con temática de Nadal. Traballarán conxuntamente para elaborar manualidades e recordos que poderán levar para as súas casas. Cada grupo (A e B) estará titorizado por un monitor/a como referente.

**De 11:15 a 11:45** – merenda/descanso.

É recomendable que cada neno/a asista ao campamento cunha pequena merenda para tomar a media mañá. Será tamén un momento de descanso e de tempo libre supervisado.

**De 11:45 a 13:00** – **Informática ou inglés** segundo corresponda polas idades dos nenos e nenas.

Nesta actividade o grupo A e B traballarán con independencia, mentres un grupo está en actividades lúdicas de inglés o outro estará realizando actividades lúdicas relacionadas coa informática.

**De 13:00 a 14:15** – **Grandes xogos e outras aventuras** (xogos lúdicos e deportivos)

Propóñense diferentes xogos dirixidos e cun alto compoñente lúdico para rematar a xornada cunha alta dose de diversión.

**De 14:15 a 15:00** – Xogos tranquilos.

Nos últimos 45 minutos do día (cando as familias xa comezan a recoller aos nenos/as) realizaranse xogos tranquilos e aproveitaremos para ler as novas da caixa do correo máximo.

## 6.- CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES

Nadal 2018. Campamento urbano				
Horario base		Mércores 26 de decembro	Xoves 27 de decembro	Venres 29 de decembro
09:00-10:00	Recepción, benvida e <b>caixa de correo máximo</b>			
10:00-11:15	A e B	OBRADOIRO <b>Engalanamos Bergondo</b> Grupo A: diveribolas Grupo B: bosquidornos	OBRADOIRO: <b>Doces de Nadal</b> Grupo A: decoración galletas fondant Grupo B: crepes de Nadal	OBRADOIRO: <b>Arte Nadal</b> Grupo A: instrumentos musicais Grupo B: decoración mesa
11:15-11:45	Merenda / descanso e tempo para enviar correo máximo			
11:45-13:00	A	<b>Inglés:</b> A Voz Kids (karaoke)	<b>Informática:</b> postal electrónica (coloreo)	<b>Inglés:</b> my family
	B	<b>Informática:</b> postal electrónica (deseño)	<b>Inglés:</b> A Voz Kids (karaoke)	<b>Informática:</b> edición fotografía persoal
13:00-14:15	A e B	<b>A familia Noel:</b> variado de xogos deportivos e de relevos	<b>Decoración Urbana:</b> colaboración coa decoración de Nadal do Concello	<b>Xogos musicais:</b> a disco de Fin de Ano
14:15-15:00				
Grupo A: nenos e nenas de 4 a 7 anos Grupo B: nenos e nenas de 8 a 12 anos (esta división de idades poderá sufrir pequenas variacións segundo o número de nenos e nenas inscritos/as)				

## 6.1.- Obradoiros

### Engalanamos Bergondo



Os rapaces e rapazas elaborarán adornos para colaborar coa decoración de Nadal do Concello. Os máis pequenos/as crearán "Divertibolas" transformando as bolas de nadal tradicionais nas súas personaxes favoritas. Os maiores "Bosquiadornos" a partir de pinas e outros froitos de tempada.



Unha vez rematado o traballo (ao día seguinte) encargáremos de engalanar unha das árbores do Concello (alameda ou zona verde próxima) contribuíndo deste xeito coa decoración urbana (logo de pedir o correspondente permiso).

### Doces de Nadal



Neste obradoiro , os nenos/as levarán a cabo deseños de nadal orixinais e creativos. O grupo A adornará galletas con Fondant e o grupo B fará crepes doces con adornos de Nadal. As creacións poderán levalas para casa, sempre e



cando se resistan á tentación e non as comen

antes. Ademais de preparar as distintas receitas, as nenas e nenos aprenderán as normas básicas de seguridade na cociña, como manexar alimentos e utensilios, os hábitos recomendados de hixiene e limpeza e a importancia do traballo en equipo.



### Arte Nadal



O grupo A (os pequenos/as) elaborará un instrumento de percusión ideal para acompañar as panxoliñas que, de paso, ensaiaremos e practicaremos.





O grupo B (os/as maiores) deixarán boquiabertos a todos os membros da familia o día da cena de Fin de Ano e no día de Ano Novo. Os rapaces e rapazas crearán os adornos da mesa e así, pais, nais, avós, avoas e demais familiares verán as dotes artísticas dos seus nenos e nenas cando vaian a coller os panos, garfos e coitelos. Por outro lado, fomentaremos a que



os máis pequenos colaboren na preparación da mesa e nas tarefas da casa dun xeito ameno e divertido.

## 6.2.- Informática

Será un momento de xogo pero tamén de aprendizaxe e adquisición de habilidades relacionados co manexo do ordenador. Tal e como explicamos con anterioridade nos momentos de informática os grupos A e B traballarán por separado en días alternos (como se reflexa no cronograma), deste xeito reducimos o grupo e poderemos adaptar as sesións segundo as necesidades e idades dos participantes.

Todos os programas elixidos para as actividades serán especificamente dirixidos ao público infantil.

### Postal electrónica

Tanto o grupo A como B deseñarán unha postal de Nadal dixitalmente.

O grupo dos máis pequenos/a (grupo A) encargárase de pintar unha imaxe adestrando así as habilidades básicas co rato, diferenciando as cores e as partes do debuxo. Antes de comezar recibirán as indicacións oportunas sobre o programa a utilizar e terán o apoio do monitor/a e todo momento. Para este caso o obxectivo é que poidan experimentar coa cor cun simple clic do rato. Neste achegamento ao debuxo dixital ademais de ver como vamos controlando o movemento do rato mentres debuxamos, plasmamos os nosos gustos de cor sobre o lenzo.

Co grupo B, darase un paso máis e, ademais de utilizar as técnicas de coloreado, poderán adornar e deseñar diferentes elementos para a súa postal: engadir o seu nome ou texto de felicitación, engadir estrelas, figuras xeométricas... aprenderán tamén a gardar e enviar o seu traballo.

Si os recursos da aula de informática o permite, cada neno/a poderá imprimir a súa postal.

### Edición de fotografía

Neste caso o que propoñemos é que cada neno/a traballe e edite unha fotografía de si mesmo. O monitores/as encargárase de sacar unha foto a cada neno/a e a continuación pasarán a imaxe ao ordenador. Cando os nenos/as cheguen á aula sentaranse no ordenador onde vexan a súa imaxe. A

través dun programa de edición de fotografía dirixido ao público infantil editarán a imaxe ao seu gusto.. Sabemos que a creatividade infantil é infinita e, por iso, estamos seguros que deste traballo resultarán fotografías moi divertidas.

### 6.3.- Inglés

Ao igual que nas actividades de informática, os nenos traballarán nas actividades de inglés de maneira diferenciada: o grupo A por unha banda e o B por outra. As actividades en inglés tamén terán un alto compoñente lúdico ao mesmo tempo que repasan e afianzan contidos da lingua.

#### A Voz Kids

Esta actividade está pensada para ser verdadeiramente divertida. Levaremos a cabo un Karaoke en inglés onde en pequenos grupos prepararán una canción para logo cantar ao resto dos seus compañeiros/as. As cancións estarán adaptadas para as idades correspondentes ao grupo A e B.

#### My family

Un xogo moi divertido que axudará aos nenos e nenas a agudizar o seu oído e a comprender a importancia que ten a pronunciación á hora de falar outro idioma, neste caso, o inglés. Para este xogo é imprescindible deseñar previamente unhas tarxetas que identifiquen a unha familia e o membro correspondente. Por exemplo:

- Familia Shake (haberá catro tarxetas cos diferentes membros da familia: pai, nai, filla e avó)
- Familia Yake (catro tarxetas: pai, nai, filla e avó)
- Familia Fake (catro tarxetas: pai, nai, filla e avó)
- Familia Lake (catro tarxetas: pai, nai, filla e avó)

Mentres soa a música os nenos/as bailarán intercambiándose as tarxetas. No momento en que a música para de soar cada quen mirará a tarxeta que posúe identificando a que familia pertence e o membro correspondente. Cada un terá que atopar aos membros da súa familia chamando por eles e terán que reunirse correctamente sen ensinar a tarxeta, só pronunciando o apelido da familia.

As tarxetas estarán escritas en inglés de tal xeito que aproveitaremos para repasar o vocabulario correspondente.

## 6.4.- Grandes xogos e outras aventuras

### A familia Noel

Un variado de xogos temáticos cun alto compoñente físico no que se divide ao gran grupo en dous iguais (en canto ao xénero e ao número de participantes). Un será o grupo de Papá Noel e outro o de Mamá Noel e competirán en pequenas probas de relevos moi divertidas. O que gañe máis probas proclamarase como vencedor.

- Nadaleando: con papel de periódico, deberán de facer un gorriño que sexa igual para cada grupo, pero diferente entre subgrupos, (poden ser os gorros dun subgrupo vermellos e os do outro verdes, etc.). Logo, para facer o xogo colócase a cada grupo nas partes máis afastadas da aula/espazo e ao sinal, deberán correr polo espazo e tratar de quitarlle os gorriños aos contrarios, gañará o xogo o primeiro dos equipos que consiga quitar todos os gorros ás/aos contrarios. Non haberá eliminadas/os.
- Os renos: séntanse formando unha fila coma se do carro dos renos se tratase de ir pasando os gorro por enriba da cabeza, cando chegue a última persoa pasará ao primeiro lugar da fila e repetirá a operación; o monitor/a marcará un lugar a modo de meta, que será onde deba chegar o carro para gañar a partida.
- ¿Quen envolve máis rápido?, ¿papá ou mamá? os subgrupos forman unha fila e colócanse nun extremo da sala, ao outro lado da mesma deixase un periódico aberto. Os grupos irán facendo carreira de relevos de un en un até coller todas as follas, (igual número de follas para os dous grupos), unha vez o teñan feito deberán envolver (con todas as follas) unha caixa de cartón como se dun regalo se tratase; o primeiro equipo que o consiga será o grupo de Reis máis veloz do planeta e recibirá un forte aplauso das/os compañeiras/os.
- Os regalos bomba; as caixas de regalo convertéronse nunhas bombas de relojería que van a estoupar; o grupo estará de pé en círculo, menos unha persoa que será a que faga a conta atrás contando até 30 segundos; cando a conta atrás remate, as dúas persoas que teñen a caixa quedarán sentadas coas pernas estiradas porque as que sigan xogando deberán pasar saltando por enriba delas antes de pasalas á/ao seguinte compañeira/o. Cando queden dúas persoas no círculo, solo se pasará unha caixa. A persoa que gañe anotará un tanto para o grupo de Papá Noel ou Mamá Noel dependendo ao que pertenza.

## Decoración urbana

Tal e como describimos anteriormente, a decoración urbana consistirá en desprazar aos nenos e nenas dando un pequeno paseo a unha zona verde e vistosa do Concello (acordado anteriormente). Levaremos os adornos de Nadal que elaboramos o primeiro día de campamento e decoraremos unha das árbores municipais contribuindo así á arte urbana. Esta actividade axudará a publicitar as actividades infantís de Nadal así como servirá de reforzo e motivación para os xa participantes.

## A Disco de Fin de ano

Como broche final e cerre do campamento, os monitores/as montarán unha discoteca por todo o alto na que bailarán cos máis pequenos cancións e coreografías actuais. Os monitores mesturarán os bailes dirixidos con xogos musicais, que soen ser moi aceptados polos nenos/as xa que supoñen un bo momento para a desinhibición e a descarga de enerxía. Algúns dos xogos que realizarán os monitores das actividades son: As cadeiras musicais, A batalla de bandas, as estatuas, os bailes por partes, a cucaracha, Simón di... Na discoteca de Nadal os nenos de todas as idades interaccionan entre si e aprenden a moverse e a imitar os pasos dos seus iguais.

## 7.- RECURSOS MATERIAIS

- Material funxible variado
- Material deportivo (aros, indiacas, palas, paracaídas, pelota, frisbee, radio cd/ audiovisuais...).

## 8.- AVALIACIÓN

- Control de asistencia: levarase un control estrito e exhaustivo da asistencia de cada neno/a.
- Memoria: elaborarse unha memoria final onde se recolla o desenvolvemento do campamento, participación, aspectos a mellorar en vindeiras ocasións, necesidades detectadas...
- Enquisa de satisfacción ás familias.